

Parodia da novela negra e crítica do "telelixo"


Publicado o 26/09/2011

In vino veritas

Francisco Castro

Editorial Galaxia, Vigo, 2011, 380 páxinas.

Pérdome sen remorsos, e frecuentemente con abondo pracer, na escrita de Francisco Castro. Desde aquela "noveleta", Play back, co-ganadora no ano 1997 de Premio Lueiro Rey e que literaturizou, posiblemente por primeira vez na narrativa galega, o submundo das orquestras verbeneiras, un verdadeiro territorio darwinista, ata a súa última achega, esta ampla, complexa e ricaz novela, In vino veritas, un dos libros deste pasado verán entre nós.



In vino veritas é unha novela complexa e ricaz porque na mesma conflúen varios fíos narrativos e adúbase así mesmo con reflexións matanarrativas, xa ao comezo da mesma, unha querenza do escritor que xa se deixara ver noutras achegas, como Xeraci¹n perdida. Así mesmo, ao longo de toda a novela, nos comezos de cada capítulo, rotulados con citas de Raymond Chandler que pretenden ser un catálogo da novela policial e ao que o autor implícito contradí non poucas veces.

Mais In vino veritas é en primeiro lugar unha novela negra. Escribo negra e non detectivesca ou policial polo que logo se dirá. Un detective, Xulio Míguez recibe o encargo de atopar o marido dunha rica adegueira, unha xornalista de grande éxito que conduce un programa rosa e que interfere nas súas indagacións, encarreirándoo por camiños insospeitados. Formalmente, pois, unha novela negra que segue todos os parámetros e tópicos do xénero, mais en realidade, unha deconstrución do xénero detectivesco. Unha parodia da novela policial, como se di na contracapa. O detective de Francisco Castro é un sabuxo normal, pero non se caracteriza pola súa perspicacia. Ten que ser o autor implícito o que lle apunte como debe de interpretar os indicios, e no desenlace é a asasina a que lle da conta das razóns dos seus crimes.

Na novela de Francisco Castro atopamos todos os tópicos e convencións do xénero detectivesco. Pero o relato vai moito máis alá diso que os ingleses bautizaron como Whodunit (Quen o fixo?). E este máis alá é precisamente esa fórmula narrativa máis rica e complexa na que a resolución do enigma deixa de ser o obxectivo principal, pasando a formar parte do primeiro plano a introspección psicolóxica dos personaxes e o retrato crítico da sociedade. É a proba definitiva que diferencia a novela clásica de detectives, onde a resolución do enigma é todo o que se lle ofrece ao lector, da novela negra que mantén a intriga e o misterio, aínda que a súa importancia fica desprazada pola temática social e pola especulación psicolóxica. In vino veritas alíñase con claridade no territorio da novela negra. Xa nas primeiras páxinas o detective reflexiona ("é un tipo que pensa" páxina 22) sobre as coordenadas éticas do seu traballo.

Mais, para alén das calas nas interioridades dos personaxes, *In vino veritas* é unha acerba e corrosiva crítica

social que a converte niso que o escritor repite unha e outra vez: unha novela furiosa. Furiosa censura do desencanto burgués e das súas ramificacións de fastío vital e hedonista que leva a algúns dos personaxes a buscar entretemento en desvíos sexuais de tipo sadomasoquista. Pero a furia desta novela estoura con toda a súa intensidade cando critica o predominante papel do telelixo na actual sociedade. Recoñece o autor que Belén Esteban "tivo moita culpa porque unha vez levando ao meu fillo ao parque pola tarde vina na tele alporizada, erguendo as mans. Logo, á volta, catro horas despois, aínda seguía alí". Francisco Castro pasa por unha ácida peneira o mundo televisivo, dominado desde hai tempo pola tiranía colectiva do telelixo do mundo rosa. A furia desta novela agrándase porque hoxe en día a verdadeira realidade é a que nos deixan ver na pantalla: teatros



Francisco Castro

de vulgaridades, barullos e zaragalladas sentimentais e morbosas, esnaquizamento da linguaxe. Do imperio de todo isto nace a ira coa que o escritor pretende desenmascarar a “telemerda”, hoxe imperante no principal medio de comunicación.

Na novela conflúen outras liñas narrativas como a homenaxe ao viño e a crítica agochada de todo ese aparato lambido que hoxe o acompaña. Porén, o cerne desta achega de Francisco Castro é unha trama de novela negra e asemade a súa parodia, cun inequívoco e necesario compromiso crítico coa sociedade que arestora se aveciña cada día máis á banalidade e á barbarie.